



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados específico, entre persoal funcionario docente do corpo de mestres, para cubrir prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.

Mediante a Orde do 13 de novembro de 2020 convocouse o concurso de traslados específico, entre persoal funcionario docente do corpo de mestres e do corpo de profesores de ensino secundario, para cubrir prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos. (DOG núm. 242, do 1 de decembro).

Unha vez recibidas na Consellería de Cultura, Educación e Universidade as actas da comisión avaliadora, coas puntuacións asignadas ao persoal concursante, procede, conforme as peticións e os méritos das persoas participantes, realizar a adxudicación provisional dos destinos e facelos públicos na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal)

Na súa virtude, esta dirección xeral

DISPÓN

Primeiro. Adxudicar destino provisional ao persoal funcionario docente do corpo de mestres, para cubrir prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos que figuran na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal).

Segundo. Non se publica listado de excluídos xa que todos os participantes están admitidos.

Terceiro. Contra esta resolución provisional, segundo o establecido na base décimo sexta da Orde do 13 de novembro de 2020, cabe reclamación no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na citada páxina web. O prazo de renuncias será o mesmo que o establecido para as reclamacións.

Non obstante, serán admitidas as reclamacións e renuncias presentadas con anterioridade.

Cuarto. As reclamacións e renuncias poderanse presentar polos procedementos a que alude a base décimo primeira e remitiranse ademais por correo electrónico, dentro do prazo establecido, ao enderezo persoal.primaria@edu.xunta.gal

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

